

BASES REGULADORAS DO IX CONCURSO FOTOGRÁFICO

“SE EU PODO, TI TAMÉN”

I.OBXECTO DO CONCURSO

Hoxe en día, o reparto democrático do tempo e tarefas entre os homes e as mulleres é aínda unha sinatura pendente de resolver. Son as mulleres as que, dun xeito imperativo, se encargan de posibilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal; e son as mulleres as que, por causa dunha situación herdada, se fan cargo da maioría das tarefas domésticas, sacrificando deste xeito gran parte do seu espazo privado e anulando ou limitando en gran medida a posibilidade da súa integración plena no mercado laboral.

Na actualidade a sociedade, na súa maioría, está xa concienciada, recoñecendo e valorando na súa xusta medida, o traballo doméstico, educacional e de asistencia ás persoas dependentes coma un pilar necesario para o desenvolvemento pleno e equilibrado da sociedade.

A corresponsabilidade da sociedade neste senso é o elemento necesario para establecer un real e efectivo uso democrático do tempo por parte dos homes e das mulleres, isto acontece porque a clave da igualdade tamén está na corresponsabilidade.

Por todo isto, co obxectivo de fomentar a tan necesaria corresponsabilidade na nosa sociedade, dende a Concellería de Igualde e Benestar do Concello de Noia e a través do Centro de Información á Muller (CIM) convócase o IX CONCURSO FOTOGRÁFICO “SE EU PODO, TI TAMÉN”

II. FINANCIACIÓN

Os premios recollidos no punto X destas bases están consignados na partida 231 48006 “Concurso de fotografía CIM”.

III. PARTICIPANTES

A participación no concurso é totalmente gratuíta. Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas interesadas que o desexen, tendo como único requisito o de ser afeccionados/as, excluíndose polo tanto profesionias ou exprofesionais do mundo da fotografía.

IV. TEMÁTICA DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías deberán tratar sobre a corresponsabilidade de homes e mulleres no espazo público, privado e/ou doméstico. Nelas poderán aparecer tanto persoas do sexo masculino como feminino, ou calquera outra imaxe que reflicta o espírito da temática do concurso. Trátase de visibilizar o reparto desigual das responsabilidades no fogar ou en calquer outro ámbito, que fan que a muller continúe nunha situación de desventaxa fronte ao home, pero desde un punto de vista positivo. Ás fotografías tratarán de dar a coñecer a todas esas persoas que día a día non siguen os roles establecidos para cada sexo.

O xurado resérvase o dereito de aceptación das obras se non se adaptan à tematica requerida.

As fotografías presentadas deberán **ser inéditas, e non se aceptarán as que foran seleccionadas noutro concurso ou certame**. As imaxes deberán ser orixinais, non se admitirá ningunha fotografía con dereitos de propiedade intelectual que non pertencen integramente, e sen excepción, ao propio participante.

O incumplimento destes requisitos significará a descalificación da/as fotografías.

V. PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

Realizarase mediante a presentación dun sobre pechado dirixido ao **Centro de Información á Muller do Concello de Noia (CIM)**, edificio de Servizos Sociais, ubicado na Rúa do Curro, nº 4, coa inscrición: **IX CONCURSO FOTOGRÁFICO “SE EU PODO, TI TAMÉN”**

Únicamente se admitirá un máximo de cinco fotografías por participante.

Dentro do sobre deberán estar presentes tres elementos:

1. A fotografía presentada a concurso.
2. Un CD ou DVD que conteña a fotografía que se presenta.
3. Dentro deste sobre incluírase un sobre máis pequeno, tamén pechado, que deberá levar escrito por fóra o título da fotografía, e no seu interior: unha fotocopia do DNI, o número de teléfono de contacto e un enderezo electrónico.

VI. REQUISITOS TÉCNICOS

A medida máxima das fotografías será de 50 x 70 cm e presentaranse en cartón pluma, cun pequeno

enganche no reverso da fotografía que posibilite a súa exposición.

As imaxes presentadas en CD ou DVD deberán estar en formato JPG ou JPEG, cunha resolución superior a 2048 X1536 píxeles.

A técnica usada será libre, en branco e negro ou cor, e cos retoques que o autor/a estime necesarios para transmitir o obxectivo do concurso.

VII. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

O prazo de recepción das fotografías estará aberto dende a data de publicación dun extracto das presentes bases no BOP de A Coruña, ata as 14:00 horas do luns 7 de marzo de 2016.

O texto íntegro das bases publicárase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

VIII. DEREITOS.

A cesión de dereitos concédese en exclusiva, por un período de dous anos, a partir da data de concesión do premio, ao Concello de Noia. Os seus autores cederán os dereitos de reprodución, e o nome e apelidos do autor serán citados cando a reprodución o permita. Os participantes serán responsables de calquera reclamación por dereitos de imaxe feitos por terceiros.

Transcorrido dito período a cesión deixará de ter carácter exclusivo, aínda que non o dereito de uso sobre as mesmas. Aos efectos anteriores, o/a participante garante e responsabilízase de ser lexítimo/a titular ou/e ostentar os dereitos necesarios para a cesión da fotografía coa que participa nos termos previstos nas presentes bases, así como do goce pacífico dos indicados dereitos.

IX. XURADO.DECISIÓN.

O xurado encargado da elección das fotografías gañadoras estará composto por:

Presidenta: D^a.Sandra González Castro, Concelleira delegada de Igualdade e Benestar do Concello de Noia, ou concelleiro/a que a substitúa.

Vogais:

- Asesor xurídico do CIM.

-Un/unha profesional de fotografía designados pola Presidenta do xurado

-Un técnico/a do Concello

Secretario do tribunal: a directora-psicóloga do CIM.

O xurado fará pública a súa decisión na primeira quincena do mes de marzo que será firme e inapelable, nestas mesmas datas terá lugar a entrega dos premios nun acto convocado a tal fin.

Os criterios do xurado para a elección da fotografía gañadora do concurso serán a calidade artística, orixinalidade, creatividade e a relación co tema proposto.

Se a xuízo do xurado non se presentaran obras coa calidade suficiente, o concurso poderá ser declarado deserto.

Calquera circunstancia non contemplada nestas bases, será resolta polo xurado con carácter inapelable.

X. PREMIOS.

Concederanse tres premios ás tres mellores fotografías, segundo o criterio do xurado:

1º premio, dotado cunha cantidade de..... 500 €.

2º premio, dotado cunha cantidade de..... 300 €

3º premio, dotado cunha cantidade de..... 200 €

Os premios quedarán suxeitos á lexislación fical vixente (retención do 19% nos premios de máis de 300 €).

XI. ENTREGA DE PREMIOS.

A entrega de premios, salvo causas que o impidan, realizarase preferentemente nun acto oficial, nunha data que será comunicada aos gañadores, e ao público en xeral, coa antelación debida. Neste acto, farase entrega ás persoas premiadas dun diploma acreditativo do seu correspondente premio. As persoas premiadas deberán asistir a este acto.

Para a recepción do premio económico deberase presentar previamente unha declaración xurada por parte de cada un/unha dos gañadores/as conforme se cumpren todos os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subven-

ción pública. Unha vez presentada farase entrega do importe do premio a cada un dos/as gañadores a través de transferencia bancaria, ao número que estes designen, transcurridos quince días.

XII. RECOLLIDA DAS FOTOGRAFÍAS.

As fotografías non premiadas poderán ser recollidas no CIM, tras a súa solicitude escrita presentada no concello, no prazo dun mes dende o fallo do xurado. Transcurrido este prazo, as fotografías non premiadas que non sexan recollidas, quedarán en poder do CIM do Concello de Noia.

XIII.- PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos persoais facilitados polos participantes só serán utilizados para que estes sexan informados sobre cuestións relacionadas coa súa participación no concurso. Estes datos trataranse confidencialmente de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

XIV.- PUBLICIDADE E ACEPTACIÓN DAS BASES.

As bases deste concurso estarán a disposición de calquera persoa interesada na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Noia.

Todos os participantes deste concurso, polo mero feito da súa participación, aceptan integramente, e sen reservas as presentes bases.

XV.- DISPOSICIÓN FINAL.

As fotografías premiadas, así como unha selección das non premiadas, poderán ser exhibidas ao público a través dunha exposición fotográfica, ou ser utilizadas para a elaboración de calendarios ou carteis... por parte deste Concello. O nome dos autores constará en ditas publicacións e outras relacionadas co concurso, salvo petición expresa do contrario por parte do interesado/a.

Noia, 21 de xaneiro de 2016

A Concelleira de Igualdade e Benestar

Asdo. Sandra González Castro